



INSTRUCCIONES PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

- **Retirar o sobre da matrícula** en conserxaría
- **Folla de liquidación de prezos públicos**
Antes de proceder a cubrir os diferentes apartados, consultar a folla de instrucións que se adxunta. Se aínda así o alumno ten algunha dúbida deberá aclarala na Secretaría da EOI. Comprobar os importes a ingresar antes de acudir á entidade bancaria, xa que o centro non poderá efectuar ningunha devolución das cantidades incorrectamente ingresadas.
- **Efectuar o ingreso do importe da matrícula** en calquera das entidades bancarias que figuran ó pé da folla de liquidación. Conservar o “Exemplar para o interesado” xa que é imprescindible para algúns trámites. Introducir no sobre da matrícula o “Exemplar para o órgano xestor”
- **O ALUMNADO ANTIGO E ACTUAL DA EOI** deberá presentar, xunto co xustificante de ter ingresado o importe da matrícula na entidade bancaria, os seguintes documentos :
 - Carné da EOI (no caso de non te-lo pedir un en conserxaría e adxuntar unha fotografía)
 - Fotocopia da papeleta do último curso realizado
 - Impreso de matrícula debidamente cumprimentado
 - Cando proceda, certificado de matrícula gratuita ,orixinal e copia do Libro de Familia Numerosa, acreditación de bolseiro, discapacidade ou vítima de terrorismo.
 - Cando proceda , orixinal e copia do título ou certificado que permita o acceso directo a un curso

(O **alumnado trasladado** doutra escola deberá adxuntar a certificación académica da escola de orixe para poder retirar o sobre de matrícula xunto con dúas fotografías e fotocopia do DNI.)

IMPORTANTE : Aqueles alumnos que queiran facer valer o seu **Título de Bacharel** para entrar directamente no 1º curso de nivel intermedio da primeira lingua estranxeira cursada no bacharelato, deberán achegar certificación da secretaría do centro onde realizou estes estudos con mención expresa da lingua estranxeira que cursou como primeiro idioma .

- **Os NOVOS ALUMNOS** ademais do xustificante de ter feito o ingreso na entidade bancaria, deberán presentar os seguintes documentos :
 - Fotocopia do DNI. . Os alumnos estranxeiros presentarán orixinal e copia do pasaporte
 - Dúas fotografías tamaño carné (pegadas nos correspondentes documentos)
 - Ficha e carné da EOI debidamente cumprimentados e coas fotografías
 - Impreso de matrícula debidamente cumprimentado
 - Cando proceda, certificado de matrícula gratuita ,orixinal e copia do Libro de Familia Numerosa, acreditación de bolseiro, discapacidade ou vítima de terrorismo.
 - No caso de alumnos menores de 16 anos : fotocopia compulsada de documentación que acredite a primeira lingua estranxeira cursada no réxime ordinario no presente curso escolar.
 - Cando proceda , orixinal e copia do título ou certificado que permita o acceso directo a un curso

IMPORTANTE .: Aqueles alumnos que queiran facer valer o seu **Título de Bacharel** para entrar directamente no 1º curso de nivel intermedio da primeira lingua estranxeira cursada no bacharelato, deberán achegar certificación da secretaría do centro onde realizou estes estudos con mención expresa da lingua estranxeira que cursou como primeiro idioma .

ENTREGAR NA SECRETARÍA DA EOI TODOS OS DOCUMENTOS MENCIONADOS DENTRO DO SOBRE DA MATRÍCULA NAS DATAS ESTABLECIDAS.